



# I MUSHING DE VALADARES

8/1/23



BIKEJORING  
CANICROSS  
PAT IN



# I MUSHING DE VALADARES

## Denomimación da proba:

Liga Galega de Mushing “I Mushing de Valadares”

## Organización:

A proba estará organizada polo Club Kennel DEN. Como responsable desta organización estará a presidenta do Club, Mónica Touriño Ferreirós, con domicilio en Avda. Muíños de Vento, 16A de Catoira, Pontevedra; tlp: 626274406; mail: [kennelden@gmail.com](mailto:kennelden@gmail.com)

## Situación e localización do circuito:

O circuito transcorre polo concello de Vigo, con saída e meta xunto ao colexio Sobreira de Valadares, e por camiños pertencentes á Comunidade de Montes de Valadares e Zamáns.

A saída será no lugar de coordenadas: **42.163669, -8.707260**

A meta será no lugar de coordenadas: **42.163366, -8.707507**

Achégase como anexo o plano do recorrido do circuito.

Pódese consultar o circuito con máis detalle no seguinte enlace:

<https://es.wikiloc.com/rutas-canicross/sobreira-valadares-108501400>

## Descrición do circuito:

Transcorre na súa totalidade por camiños e pistas, con terra e herba, entre piñeiros ou carballos. Circuito moi técnico. Os circuitos son en 3 distancias: infantil, junior e senior/veteráns. Sendo o máis longo de 5,39 km e o máis curto entorno aos 2 km.

## Sinalización do circuito:

A sinalización do percorrido indícarase de acordo á norma internacional de mushing con estacas de madeira de aproximadamente 1 metro de alto, cravadas nos laterais dos camiños, da maneira seguinte:

- 1.- Xiro á dereita cun panel circular vermello no lado dereito da pista.
- 2.- Xiro á esquerda cun panel circular vermello no lado esquerdo da pista.
- 3.- Avance recto cun ou dous paenís cadrados azuis, a cada lado da pista.
- 4.- Perigo cun panel triangular amarelo. Se a zona é moi complicada colocaranse dous triángulos.

As estacas colocaranse xusto antes da proba e retiraranse ao terminar a mesma.

## Seguro de responsabilidade civil e posibles danos:

O Club Kennel DEN comprométese a asumir o mantemento da restauración dos posibles danos e da responsabilidade civil para o que conta cunha póliza de responsabilidade civil que cubre toda a competición.

### **Categorías de competición:**

DCM, DCMV, DCW, DCWV, DCMJ, DCWJ, DCI, DBM, DBMV, DBW, DBWV, DS1, DS1I, DS1J, DS2 (DS1/2 se é necesario).

### **Vacinas e relación de cans:**

Todos os cans participantes deberán ter postas as vacinas obrigatorias, incluída a tos das canceiras e a desparasitación interna, en tempo e forma, como se indica na normativa da FGDI e na RFEDI.

### **Datas e horarios da celebración da proba:**

Domingo, 08 de xaneiro de 2023, de 8h ás 14h.

De 7:30 a 8:45: Recollida de documentación, entrega de dorsais e control veterinario.

08:45: Reunión informativa

09:00 Patin – Saída individual cada 2’

09:45 Bikejoring – Saída individual cada 1’

10:45 Canicross – Saída individual cada 30’’

11:45 Patín Junior e patín infantil – Saídas cada 2’

12:15: Canicross junior e infantil – Saídas cada 30’’

### **Inscripcións:**

As inscricións realizaranse a través da páxina da empresa Galitiming.

O importe da inscrición serán 15€, independentemente do número de probas que se realice, a ingresar a través da pasarela de pago de Galitiming.

Data de apertura de inscricións: Luns 26 de decembro

Data e hora de peche de inscricións: Sábado 31 de decembro ás 23:59

### **COMITÉ DE ORGANIZACIÓN:**

- Director de Organización: Eloy Suárez
- Director Deportivo: Eloy Suárez
- Marcaxe de Circuito: Kiko Martínez
- Xefe de Pista: Kiko Martínez
- Xefe de Accesos: Xefe de protección Civil de Vigo
- Xuíz FGDI: A designar
- Control Veterinario: Alicia Gutiérrez Vázquez
- Cronometraxe: Galitiming

### **MEDIOS HUMANOS:**

- Xefe de Pista: Kiko Martínez

- Cronometraxe: Galitiming
- Xefe de persoal da zona de carreira: Kiko Martínez
- Responsable de Stake Out e Parking: Justo Piñeiro
- Controles de Pista: Designados polo Club organizador, coordinados por Eloy Suárez
- Controles de persoal da área de carreira, vixiantes de tráfico e delegados de seguridade: designados polo Concello de Vigo.
- Equipo Veterinario:
  - Control documental: Veterinario, DT e Mónica Touriño
  - Control clínico: veterinario
- Ambulancia: protección Civil de Vigo
- Xefe de Secretaría: Mónica Touriño

### **MEDIOS MATERIAIS:**

Contarase con megafonía e sinalización da zona de carreira e das diferentes zonas de servizos. Procurarase contar cun vehículo tipo quad por se é necesario asistir a algún participante no transcurso do circuito.

### **TERREOS E VIAIS:**


Os terrenos e camiños polos que se realizará a proba pertencen ás comunidades de Montes de Valadares e Zamáns. Cóntase co seu permiso e colaboración para a realización da proba. O recorrido non afecta a ningunha estrada ou vía pública polo que non é preciso cortar o tráfico en ningún vial.

### **PARTICIPANTES E PÚBLICO:**

Espérase a participación duns 70 deportistas e unhas 20 persoas de público que se situarán na zona de SAÍDA/META.

### **ANEXO I – PLANOS DO CIRCUÍTO**

PUNTO DE SAÍDA



# PLANO DO RECORRIDO

